



## Concello da Pobra do Caramiñal

### RESOLUCION DE ALCALDÍA

Unha vez celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio, e constituído o novo concello, o día 7 de xullo, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular polo que se refire á designación dos Tenentes de Alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 16,17 e 18 do Regulamento orgánico municipal, o artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 62 e 63, a designación dos Tenentes de Alcalde é competencia desta Alcaldía.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear como Tenentes de Alcalde os/as seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

Primeiro Tenente de alcalde: D.<sup>a</sup> MARÍA AMPARO CERECEDO SÁNCHEZ

Segundo Tenente de alcalde: D.<sup>a</sup> PATRICIA LOJO NINE

Terceiro Tenente de alcalde: D. ELOY SOBRIDO GARCÍA

**Segundo.-** Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ó alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Cando haxa de ausentarse, esta Alcaldía conferirá mediante resolución indicando a duración da súa ausencia e Tenente que asumirá as súas funcións, mais de non ser ditado expresamente, será substituído pola Primeira Tenente, ou en seu defecto, por calquera deles presente, sen que durante o mesmo día poda actuar mais dun deles.

**Terceiro.-** Comunicar esta resolución ás Tenentes de Alcalde nomeadas, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcaldesa accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con

Concello da Pobra do Caramiñal





## Concello da Pobra do Caramiñal

---

anterioridade, nin outorgar outras novas.

**Cuarto.-** Da presente resolución darase conta o Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente ás designadas, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

Na Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital,

O alcalde

O secretario

---

**Concello da Pobra do Caramiñal**

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: ---

